

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia na presentación do *Portal Xurídico Galego, Lex.Gal*

Biblioteca do Parlamento de Galicia, 19-12-2016 // 11,30 h.

- Vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,
- Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,
- Secretaria xeral da Universidade de Santiago de Compostela,
- Directores do proxecto,
- Membros da Mesa e Portavoces do Parlamento de Galicia,
- Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia,
- Directora da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia,
- Secretario Xeral de Política Lingüística,
- Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia,
- Señoras e señores:

Despois dunha fin de semana negra no referido á violencia contra as mulleres, quero que as miñas primeiras palabras neste acto sexan de rotunda condena do sucedido, e tamén de solidariedade e afecto para as familias das vítimas mortais. É unha reflexión persoal, pero tamén sei que a comparte o conxunto da Cámara que teño a honra de presidir. Ás veces, un ten a sensación de que non hai palabras para expresar a repulsa que merecen estes actos nin para describir tanta atrocidade.

Hoxe, 19 de decembro, o Parlamento de Galicia cumpre 35 anos de vida, tres décadas e media transcorridas desde aquel xa afastado 1981. Daquela, o poder lexislativo galego botaba a andar nunha sede prestada –o Pazo de Xelmírez– e lonxe do fervor popular. Porque –non nos enganemos– nos seus inicios a Autonomía e as institucións que entón con ela nacían distaban moito de suscitar entusiasmo no pobo galego, como quedou acreditado no referendo do Estatuto.

No entanto, paseniñamente, a estrutura institucional que agromou ao abeiro do Estatuto de Autonomía promulgado o 6 de abril do 81 fíxose acreedora do respecto e a consideración das galegas e os galegos ata

o punto de que, a día de hoxe, practicamente ningún galego, con independencia do seu posicionamento ideolóxico, concibe unha Galicia sen autonomía.

Xa que logo, ao longo destes 35 anos de vida parlamentaria, a Comunidade Autónoma de Galicia dotouse dun extenso corpus xurídico –integrado por arredor de 400 leis–, do que se deriva un extenso elenco de normas nas súas diversas formas: decretos, ordes, etc.

Permitaseme, neste punto, unha paréntese, para reivindicar o intenso traballo desenvolvido na IX lexislatura, na que se aprobaron 54 leis, o número máis alto de calquera lexislatura da nosa historia; un cómputo que pode acadar os 57 textos legais se nel incluímos a Reforma do Regulamento do Parlamento e as dúas proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados.

O Parlamento de Galicia, por mandato do Estatuto de Autonomía, debe promover as condicións necesarias para facer efectivas a liberdade e a igualdade dos individuos e os grupos nos que se integran e remover, así, os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude. Tátase, en definitiva, de facilitar a participación de todas as galegas e galegos na vida política, económica, cultural e social. Obviamente, o Parlamento asume esa obriga e a incorpora como máxima da súa actuación.

Aínda que un principio decimonónico do Código Civil afirma que a ignorancia das leis non exime do seu cumprimento, hai que recoñecer que os esforzos en materia de didáctica e divulgación normativa non teñen destacado, precisamente, na nosa historia, nin pola súa intensidade, nin tampouco pola súa eficacia. Aínda que este Parlamento xa publicou en papel, no pasado, diversas edicións das “Leis de Galicia”, cunha transcripción literal do texto publicado no *Diario Oficial de Galicia*, é o certo que tiveron escasa difusión e fican desactualizadas. Pero, polo menos en Galicia, consideramos necesario superar esa carencia achegando as normas aos seus destinatarios, lexitimadores últimos da actuación do Lexislativo que as crea.

Con este obxectivo, o Parlamento de Galicia, coa colaboración da Xunta de Galicia –a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia– e a Universidade de Santiago de Compostela (Facultade de Dereito) acometeu o desenvolvemento do *Portal Lex.Gal e base de datos de lexislación consolidada*, que o profesor López Díaz nos acaba de describir.

Deste xeito, no día de hoxe, temos a satisfacción de poñer á disposición do conxunto da sociedade, e de xeito totalmente gratuito a través da Internet, un conxunto de recursos xurídico-normativos e lingüísticos, relativo ao dereito propio de Galicia, máis tamén outros recursos xurídicos relacionados co dereito de Galicia.

Falo dunha base de datos de lexislación galega consolidada, integrada por normas que van desde a preautonomía á actualidade e permanentemente actualizada. Refírome ao conxunto das leis aprobadas polo Parlamento de Galicia, os decretos máis actuais do Executivo galego e un elevado volume das ordes normativas das diferentes consellarías da Xunta de Galicia.

As normas aparecen consolidadas, é dicir, o texto vixente en calquera momento, tanto na actualidade coma en anos anteriores, ao permitir recuperar as sucesivas versións. Incorporárase tamén un sistema de buscas, así como unha codificación sistemática por grandes bloques de materias, o que facilita as consultas.

Trátase, polo tanto, dunha ferramenta novidosa que permite centralizar nun único portal recursos xurídicos actualmente dispersos; unha ferramenta de especial utilidade para os profesionais do dereito, pero igual de interesante para o conxunto da cidadanía.

É tamén unha ferramenta que xorde con vocación de servizo á cultura galega e, especialmente, á nosa lingua. Porque este portal promove, ademais, o uso da lingua galega no mundo xurídico na medida en que as ferramentas deste tipo dispoñibles ata o de agora só estaban en castelán, aínda que con contidos limitados no referido ao dereito galego.

Creo, honestamente, que con esta iniciativa damos cumprimento a un mandato do Estatuto e avanzamos no noso compromiso co idioma propio de Galicia a través de accións demandadas desde antigo. Xa no I Congreso de Dereito Galego se reivindicaba que nos tribunais se fixese normal o uso de galego para evitar discrepancias entre o manifestado polo galegofalante e a versión en castelán.

Co Lex.Gal avanzamos na dignificación da nosa fala que, co tempo, felizmente, pasou de ser a "fala proletaria do meu pobo", que versificaba Celso Emilio Ferreiro, a converterse, ademais, no idioma oficial de Galicia; e sempre "un herdo, patrimonio do pobo, maxicamente vello, eternamente novo" que dicía Manuel María.

Lingua, cultura, historia e territorio son, en esencia, os elementos que nos identifican e enorgullecen como pobo. A condición de galegos está e deberá estar sempre por riba de todo o demais, sen exclusións.

O universo da ciencia e da cultura galega dispón desde hoxe dun novo recurso de uso e consulta cotiá, o *Portal Lex.Gal*, que xurdiu e entra en servizo con vocación de estar a disposición de todos e de ser útil ao maior número posible de persoas.

Velaquí como o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación se converte nun magnífico aliado para todos os que cremos na escoita cidadá como ferramenta de mellora do funcionamento democrático. Nesta casa, no Parlamento de Galicia, estamos especialmente empeñados nelo, como queda acreditado coa presentación do Lex.Gal, e como facemos cada día a través da web da institución, convertida nun potente instrumento de participación cidadá nas tarefas de deputadas e deputados.

Falo da posibilidade de que a cidadanía partipe na elaboración das leis a través do "Lexisla con Nós" que estamos a potenciar; falo da posibilidade de que as galegas e galegos propoñan iniciativas legislativas, proposicións non de lei ou mesmo preguntas ao Goberno.

Trátase, en suma de que os retos políticos se traten sempre no seu lugar natural de discusión e resolución: o Parlamento, cerne e epicentro de

calquera sistema democrático. Unha idea sempre de actualidade e que cobra unha especial vixencia polo debate suscitado no Reino Unido en relación co papel determinante do Parlamento en relación co Brexit, confirmado por un fallo xudicial.

Volvendo á presentación que nos ocupa, quero agradecer o intenso traballo desenvolvido por todas as persoas que participaron nesta iniciativa: o persoal dos diferentes departamentos do Parlamento de Galicia, que desde o primeiro momento asumiu este proxecto con entrega absoluta, convencidos de que estaban a materializar un reto ilusionante e útil para a sociedade á que nos debemos. E agradecemento tamén, por suposto, á Universidade de Santiago de Compostela e á Xunta de Galicia pola súa implicación, igual de intensa e meritoria, e sen a cal tería sido imposible levar este proxecto a bo porto.

Acreditase, polo tanto, unha vez máis, que xuntos somos máis fortes e que a cooperación entre as institucións só reporta beneficios. Probablemente ningunha das tres institucións aquí representadas tería sido capaz de acometer este proxecto individualmente. Pero, entre todos, foi posible.

Razóns obvias –derivadas da conclusión dunha lexislatura e o inicio de outra– impediron deseñar con antelación un cronograma de actividades conmemorativas do 35 aniversario da constitución do Parlamento de Galicia, mais teñan a seguridade de que, iniciado o novo mandato, xa estamos a traballar niso.

Non obstante, poucas actividades poderían resultar máis acaídas que a presentación do *Portal Xurídico Galego* para iniciar a conmemoración deste aniversario, xa que, dalgún xeito, esta iniciativa constitúe tamén o balance da actividade lexislativa da Cámara, que tivo despois continuidade noutras normas de rango inferior tamén aquí recompiladas.

Para facer balance destas tres décadas e media de intensa actividade parlamentaria –e refírome tamén ao balance lexislativo–, hai que facer



referencia necesariamente a dous colectivos: as deputadas e deputados que formaron e forman parte desta Cámara; e o persoal ao servizo da institución parlamentaria, ao que esta mañá agradecín, persoalmente, a súa dedicación á primeira institución de Galicia. A uns e a outros, repito, moitas grazas.

Digo con frecuencia que o Parlamento ten moitas obrigas, entre elas a de facer boas leis, leis que ofrezan solucións aos problemas da xente, en lugar de crealos. Pero con isto non abonda. Tamén temos que ser capaces de poñer ese traballo á disposición do conxunto da sociedade do xeito máis accesible posible. Coido que hoxe, coa posta en servizo deste *Portal Xurídico Galego* damos cumprida resposta a esa necesidade.

Moitas grazas.